

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A SUPRESIÓN DAS EXCEPCIÓNS NORMATIVAS QUE POSIBILITAN ACTOS DE CRUELDADE COS ANIMAIS COMO O TIRO AO POMBIÑO

O denominado 'tiro ao pombiño' é unha práctica anacrónica e cruenta que consiste na matanza sistemática de pequenas pombas para divertimento dunha minoría que semella desfrutar da morte de aves ás que se lle recurtan parte das ás ou das colas para que, así, sexa máis sinxelo "atinar na diana". Animais aos que se mutila por mero divertimento grazas a unha ignominiosa excepción normativa que, na Lei de Protección dos Animais de 1993 se introduciu como forma de cesión cara un lobby que nada ten que ver coa actividade cinexética nen coa sensibilidade maioritaria da cidadanía.

Ducias de milleiros de sinaturas recollidas por organizacións como a Asociación Animalista Libera ou a entidade internacional Fondation Franz Weber, lémbrennos a necesidade de que os poderes públicos tomen decisións a prol do benestar animal e contra a violencia e crueldade que se exercen, ou exercían, en determinadas actividades. Podemos dicir que as pelexas de galos e de cans pasaron á Historia por seren consideradas actos de violencia, máis todavía seguimos arrastrando determinadas prácticas, incluído o 'tiro ao pombiño', onde a morte de animais fluctúa como eixo central dunha estrana modalidade de ocio.

No último ano temos comprobado que os outrora grandes patrocinadores destes eventos de crueldade onde se desenvolve dita actividade, desvincularon a súa actividade comercial do apoio ao campionato de 'tiro ao pombiño', e como o propio goberno galego, a través da Fundación Galicia Deporte, subsidiou, tal e como denunciaron as entidades animalistas, aos organizadores con centos de euros para promover algo rexeitado pola inmensa maioría da sociedade galega.

O maltrato animal non debería gozar de excepción algunha nun marco normativo moderno, e aproveitando o desenvolvemento dun novo Proxecto de Lei de Benestar Animal, o pleno da Deputación de Coruña quere marcar posición sobre unha situación de extrema violencia, que non representa a Galicia e que só se produce por obra e graza dos grupos de presión que introducen "enmendas" á protección dos animais para manter certos privilexios e subsidios.

Por todo isto, a Deputación da Coruña:

- 1.- Insta á Xunta de Galicia e á Fundación Galicia Deporte a non apoiar economicamente, ou de calquera outra forma, a realización de campionatos de 'tiro ao pombiño' nen as organizacións que promoven estas prácticas cruentas cos animais.
2. Insta á Xunta de Galicia a continuar a tramitación do anteproxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, mantendo o texto coa prohibición de celebración de competicións do Tiro ó Pombiño."

3. Comprométese a non colaborar, patrocinar ou apoiar a realización de campionatos de 'tiro ao pombiño' por consideralos actos de crueldade contra os animais.

4. Esta declaración trasladarase ao presidente da Xunta de Galicia.

A Coruña, 23 de decembro de 2016

Julio Sacristán de Diego
Portavoz do Grupo PSdG-PSOE

Xosé Regueira Varela
Portavoz do Grupo do BNG

Agustín Hernández Fdez de Rojas
Portavoz Grupo Partido Popular

Daniel Díaz Grandío
Portavoz do Grupo da Marea Atlántica

Manuel Dios Diz
Portavoz Grupo Compostela Aberta
Veciños

Ángel García Seoane
Portavoz do Grupo Alternativa dos